

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A "FUNDACIÓN JUANSOÑADOR" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO E DE LECER E TEMPO LIBRE, DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA A INFANCIA, A ADOLESCENCIA E AS FAMILIAS NO ANO 2023

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no Diario Oficial de Galicia por Resolución de 1 de abril de 1991.

E doutra, Francisco Rodríguez Míguez, con NIF 34958931N, e domicilio na Avenida Antibióticos, 126, 24009-León, actuando en nome e representación da entidade, con NIF G-24452435, en virtude da escritura de apoderamento outorgada por acordo do padroado de 18 de xuño de 2021 e elevada a escritura pública outorgada ante o Notario Don Gustavo Parco Arrondo do Ilustre Colexio de Castilla e León, con residencia en León, de data 23 de setembro de 2021, número de protocolo 2325 e inscrito no Rexistro de Fundacións asistenciais por Resolución do 23 de maio de 2022.

As dúas persoas interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e máis o Acordo do Consello da Xunta



do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da entón Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto.- A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Quinto.- A Fundación JuanSoñador é unha entidade de natureza fundacional que foi constituída mediante escritura pública outorgada o 6 de xuño de 2002 co número de protocolo 1008 ante a notaria Ana Margarita de los Mozos Touya do Ilustre Colexio de Valladolid e figura inscrita co número 24-0061, como fundación de asistencia social e cooperación para o desenvolvemento, no Rexistro de fundacións asistenciais en virtude da Orde TAS/2546/2002, do 19 de setembro. Así mesmo figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude co número E-4622.



A dita entidade, segundo consta no artigo 5 dos seus estatutos, ten como finalidade a prevención, educación e promoción social de nenos e nenas, adolescentes en situación de risco, marxinalidade e exclusión social, ofrecéndolles a través de propostas educativas integrais, a través das cales non só se dea resposta ás necesidades primarias, senón que se desenvolva un proceso educativo que axude aos menores na súa promoción humana integral, incidindo nas raíces e causas da pobreza e exclusión, e por outra banda optando por unha educación como metodoloxía pedagóxica-preventiva, entendendo a educación como elemento fundamental para a prevención e superación de situacións de desvantaxe na que se atopan as persoas menores.

Para levar a cabo os ditos fins establécense as seguintes áreas de actuación no marco do seu programa socioeducativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias:

- Atención ao desenvolvemento persoal e social
- Atención escolar
- Atención familiar
- Atención e dinamización do lecer e tempo libre

Sexto.- A Fundación JuanSoñador na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento no ano 2023 do “programa socio educativo e de lecer e tempo libre, de atención integral para a infancia, a adolescencia e as familias” no que procura unha educación integral, desenvolvendo un proceso educativo que axude á persoa na súa promoción humana integral; incidindo nas raíces e causas da pobreza e/ou desvantaxe social, ademais posúe unha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración.

Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que non se atopa na nosa Comunidade Autónoma outra entidade que poida igualar estes aspectos, polo tanto considéraselle idónea pola a súa experiencia no ámbito da atención ás persoas menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral das persoas menores acollidas ao sistema de protección.

Sétimo.- A Consellería de Política Social e Xuventude considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, que se vén executando dende hai anos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia pola Fundación JuanSoñador, entidade que dende os anos noventa, está especializada no ámbito da infancia e a adolescencia, e vén desenvolvendo programas que promoven a integración das persoas menores en situación de risco ou exclusión social en contextos normalizados (familia, escola, ámbito social) a través de actividades de lecer e tempo



libre, así como apoio socio-educativo para menores con necesidades específicas. A experiencia da Fundación JuanSoñador no ámbito de atención a menores e as súas familias, a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/das menores usuarios/as destes, determina a idoneidade da dita entidade na execución do seu programa e a imposibilidade de promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención con tal fin.

Oitavo.- De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o programa a subvencionar ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da concesión directa dunha subvención a favor da Fundación JuanSoñador para o desenvolvemento do Programa socioeducativo e de ocio e tempo libre, de atención integral das persoas menores en situación de risco, desamparo ou exclusión social mediante o cal se lles facilita o adecuado desenvolvemento persoal e social ás persoas menores participantes nas actividades que se desenvolven.

Dito programa, financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, exclúe o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA. *Beneficiarios/as do programa a subvencionar*

Son beneficiarios/as do programa as persoas menores de 6 a 18 anos en situación de desprotección ou desvantaxe social, así como as súas familias.



TERCEIRA. Obxectivos do programa á subvencionar

O obxectivo xeral do programa é lograr a igualdade de oportunidades e favorecer a inclusión social da infancia, adolescencia e mocidade en situación de vulnerabilidade a través de servizos de atención diúrna, de medio aberto, fóra do horario escolar, e cun enfoque integral na intervención, dando apoio, estimulando e potenciando o desenvolvemento persoal e social, a adquisición de aprendizaxes básicas e lúdicas, que compensen as desvantaxes socioeducativas e familiares.

Como obxectivos específicos establécense:

Atención ao desenvolvemento persoal e social

- Favorecer procesos de participación individual e en grupo de persoas menores, como dereito e vía de inclusión social como protagonistas da súa vida.
- Favorecer o desenvolvemento integral e a emancipación das persoas menores a través de itinerarios socioeducativos individualizados: afectivo - sexual, social, ética, de valores ou similares.
- Promover un marco de valores (igualdade, non violencia, tolerancia, interculturalidade, conciencia medioambiental e solidariedade) e de convivencia que complete ou emende os recibidos noutros ámbitos.
- Acompañar nos procesos de maduración persoal das persoas menores, a través do seguimento e atención emocional individualizada.
- Fortalecemento das habilidades sociais para o establecemento de relacións interpersoais satisfactorias.

Atención escolar

- Motivar ás persoas menores no estudo e aprendizaxe, para favorecer o éxito escolar e a adaptación ao contexto escolar.
- Ofrecer recursos de apoio educativo individualizado, adaptados ás características propias das persoas menores, dando relevancia ao uso das tecnoloxías da información e comunicación.
- Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas persoas menores e as súas familias, a través do traballo en rede, coordinado e complementario cos centros escolares.

Atención Familiar

- Acompañar ás familias no proceso persoal e socioeducativo das persoas menores.
- Orientar, fortalecer as competencias parentais, fomentar a reflexión, xerar unha maior implicación das familias no proceso educativo.

Atención e Dinamización do Ocio e Tempo Libre

- Promover o desenvolvemento persoal e social das persoas menores mediante unha atención integral, socioeducativa e preventiva en contextos non formais.
- Reforzar a convivencia e o dereito ao xogo dende espazos de educación no tempo libre.
- Xerar oportunidades de relación, de socialización positiva, aprendizaxe e crecemento saudable, a través de alternativas de ocio e tempo libre.
- Estimular a participación das persoas menores en situación de risco de exclusión social nas entidades e asociacións do barrio e/ou entorno máis próximo.





- Promover o empoderamento, a participación e o protagonismo das persoas menores.
- Ofrecer un marco de valores como son a amizade, o compañeirismo, a tolerancia, o respecto; que complementen e emenden os recibidos noutros ámbitos.
- Acompañar e facer partícipes ás familias do proceso persoal e socioeducativo das súas fillas- fillos.
- Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas persoas menores, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos, entidades.

Para o cumprimento destes obxectivos o programa presenta as seguintes áreas de actuación:

ATENCIÓN AO DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL

- Deseño, seguimento e avaliación do Itinerario Socioeducativo Individualizado
- Titorías personalizadas
- Espazo Entérate!: talleres educativos temáticos de prevención de riscos contra a saúde, promoción de valores e sensibilización social, educación emocional e competencias sociais.
- Talleres individuais e/ou grupais de educación emocional e competencias sociais.

ATENCIÓN ESCOLAR

- Apoio e reforzo educativo en horario extraescolar
- Aprendizaxe de métodos de estudo e de planificación (organización de axenda, horarios, etc.)
- Espazo de acompañamento para o estudo
- Espazo con acceso a ordenadores, impresora e internet
- Préstamo de material escolar
- Biblioteca: préstamos de libros e animación á lectura
- Coordinación, seguimento e/ou mediación cos centros escolares
- Talleres escolares de competencias transversais do ámbito educativo escolar.

ATENCIÓN FAMILIAR

- Orientación e asesoramento familiar
- Espazos educativos de encontro familiar



ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN DO OCIO E TEMPO LIBRE

- Lecer entre o grupo de iguais.
 - Espazos de participación infantil e xuvenil: “Salas Abertas”
 - Punto de Información Xuvenil: nas instalacións onde se desenvolve a actividade dispónse de taboleiros informativos sobre as actividades realizadas dirixidas á poboación xuvenil.
 - Asembleas participativas.
 - Servizo de merendas: actividade da xornada de tarde, fomentando a alimentación e hábitos saudables.
 - Fomento da lectura: clubs de lectura e animación á lectura.
 - Lecer autoxestionado con acompañamento.
 - Celebración de festas temáticas.
 - Acceso e aprendizaxe a través de novas tecnoloxías.
- Lecer na comunidade: dinamización e realización de actividades lúdicas e saudables en catro eidos de interese comunitario.
 - Área cultural: espazo para o fomento de actividades culturais e apertura ao mundo (diversidade lingüística, multiculturalidade e tradicións).
 - Área deportiva: espazo para o fomento de actividades deportivas (psicomotricidade, multideporte, deporte federado ou deportes minoritarios).
 - Área medioambiental: espazo para o fomento de actividades educativas medioambientais e de preservación da contorna (rutas por contornas naturais, obradoiros de manualidades con materiais de refugallo, actividades de sensibilización sobre contidos relacionados coa limpeza dos espazos públicos, consumo responsable ou similares).
 - Área artístico- creativa: espazo para o fomento da expresión e creación artística (música, pintura, escultura, cine, danza e creatividade).
- Lecer en familia:
 - Actividades lúdicas de tempo libre en familia.
 - Préstamo de materiais lúdico-educativos para o fomento de actividades dentro do entorno familiar.

CUARTA. Compromisos da fundación JuanSoñador como beneficiaria da subvención, xustificación e control

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro . Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



- j) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.
- k) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

QUINTA. *Persoal para o desenvolvemento do programa subvencionado*

Para o desenvolvemento do programa, a Fundación JuanSoñador disporá, en cada unha das localizacións, do persoal educativo suficiente para atender ás persoas menores derivadas, así como o persoal necesario para a súa coordinación e xestión.

Como mínimo a fundación empregará para o desenvolvemento das actuacións do programa o seguinte cadro de efectivos:

1 psicólogo/a, 9 educadores/as sociais, 1 traballador/a social, 1 administrativo/a, 2 persoas para limpeza. A coordinación do programa será compartida polo psicólogo/a e por un educador/a social.

Ademais, poderá colaborar persoal voluntario que colabore coa fundación integrado por profesionais da educación, profesionais técnicos e persoal para tarefas complementarias.

O equipo que a Fundación JuanSoñador poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Xuventude, debendo ser a fundación a que imparta as oportunas ordes aos seus equipos de traballo e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan as actuacións do programa e a Consellería de Política Social e Xuventude, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

A maiores do establecido na Cláusula oitava, sobre a protección de datos persoais, a entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

SEXTA. *Financiamento*

1. O Programa Socioeducativo e de Lecer e Tempo Libre para 2023 ten un custo global estimado en 196.837.63 €, dos que a Consellería de Política Social Xuventude achegará a cantidade de 172.281,08 €, destinados exclusivamente ás actuacións obxecto deste



convenio. Dito importe vén reflectido na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, partida orzamentaria 13.02.312B.481.0.

A devandita achega económica límitase á compensación de gastos desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

Así mesmo, a Fundación JuanSoñador comprométese a achegar a cantidade de 24.556,55 € procedentes de fondos propios da entidade.

2. O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social e Xuventude realizarase, en aplicación do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro do seguinte xeito:

a) Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 137.824,86 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades do programa a subvencionar descritas neste convenio.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito decreto.

b) Os 34.456.22 € restantes (20% da cantidade subvencionada) pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte da órgano encargado do control da



documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.

- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na primeira epígrafe.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar a entidade beneficiaria.

c) En canto aos custos salariais, a Fundación JuanSoñador deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- Relación nominal dos/as traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- Recibos de salarios.
- Recibo de Liquidación de Cotizacións (RLC) e Relación Nominal de Traballadores (RNT).
- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico contemplado na cláusula quinta, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, xuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución da persoa traballadora titular subvencionaranse os custos que ocasiona a persoa traballadora que substitúe á titular.
- No caso de que non se substitúa a persoa traballadora titular, o importe non desembolsado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este





suposto a obrigatoriedade do seu pagamento).

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Fundación JuanSoñador, en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- NIF da entidade.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Fundación Juan Soñador a presentación dos documentos correspondentes.

e) A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 23 de decembro de 2023, e deberá presentarse na Dirección Xeral con competencia en materia de familia, infancia e dinamización demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude con data límite 23 de decembro de 2023.

A Fundación JuanSoñador, no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Sen prexuízo do anterior, a Fundación JuanSoñador terá como prazo límite o 29 de xaneiro de 2024 para remitir á Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, unha memoria final de actuación de exercicio 2023 das actividades obxecto deste convenio, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluírá: o número de persoas atendidas (persoas menores e familias atendidas, desagregadas segundo os criterios establecidos), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados.



SÉTIMA. *Compatibilidade*

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria da subvención.

OITAVA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.
3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.



4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

NOVENA. Comisión mixta de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Fundación JuanSoñador designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido nesta cláusula e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.



Non obstante os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa e descritas na cláusula terceira que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Natureza xurídica e cuestións litixiosas*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A subscripción deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fose expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. *Resolución do convenio*

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.



- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. *Comunicación, divulgación e publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións .

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan dixitalmente este convenio.

A conselleira de Política Social e Xuventude

O representante legal da Fundación
JuanSoñador

Fabiola García Martínez

Francisco Rodríguez Míguez





ANEXO I

Distribución do gasto para a execución do programa obxecto de subvención (1 xaneiro - 31 de decembro de 2023)			
CONCEPTO	FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	XUNTA DE GALICIA	ORZAMENTO TOTAL
PERSOAL CONTRATADO	15.756,55 €	136.109,20 €	151.865,75 €
DIETAS/ DESPRAZAMENTOS	200,00 €	400,00 €	600,00 €
LOCAIS/ SUBMINISTROS	8.600,00 €	8.063,08 €	16.663,08 €
COMUNICACIÓN (correos, teléfono)	0,00 €	1.997,66€	1.997,66 €
MATERIAL DE OFICINA	0,00 €	1.031,63 €	1.031,63 €
OUTROS GASTOS (material de limpeza, menaxe, reparacións, primas, formación)	0,00 €	4.049,08 €	4.049,08 €
ACTIVIDADES, MATERIAL FUNXIBLE	0,00 €	3.293,04 €	3.293,04 €
GASTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN (relativos á realización do programa)	0,00 €	17.337,39€	17.337,39 €
TOTAL	24.556,55 €	172.281,08 €	196.837,63 €



ANEXO II

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA
2. DESCRICIÓN DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE ATENCIÓN INTEGRAL "NA RÚA"
3. OBXECTIVOS DO PROGRAMA
4. LOCALIZACIÓN
5. PROCESO DE INCORPORACIÓN AO PROGRAMA
6. AVALIACIÓN

1. PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA

O presente documento define o Programa de Atención Integral para a Infancia, Adolescencia e Familias "Na Rúa", a desenvolver pola Fundación JuanSoñador co apoio da Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dirixido a persoas menores de 6 a 18 anos, e as súas familias, en situación de desprotección ou desvantaxe social.

A Fundación JuanSoñador dispón dunha sede en Galicia, na praza da Milagrosa en Lugo e desenvolve o programa nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

A creación e aplicación dun programa socioeducativo de atención integral para a infancia, adolescencia e familias, susténtase nos seguintes fundamentos:

- Un servizo de atención socioeducativa, orientado a ser un recurso en horario extraescolar, de apoio ás familias e outros recursos; que elimine e/ou reduza factores de risco social.
- Un servizo que proporcione un tempo de reforzo escolar e de ocio e esparexemento, onde as persoas menores poidan ter resposta aos seus intereses, ofrecéndolles canles onde participar e expresar a creatividade e protagonismo.
- Un modelo de intervención dende un enfoque integral e sistémico.
- Que as persoas menores poidan participar en igualdade de condicións en contextos normalizados.
- Un modelo de traballo en rede, implicando a tódolos axentes que interveñen con cada caso, de cara a ter unha liña de traballo común, que repercuta de forma satisfactoria nas persoas menores e as súas familias.

Faise unha proposta educativa integral, desenvolvendo un proceso educativo que axude á persoa na súa promoción humana, incidindo nas raíces e causas da pobreza e/ou desvantaxe social.

Existe unha opción pola educación como metodoloxía pedagóxica – preventiva. Entendendo a educación como elemento fundamental para a prevención e superación de situacións de desprotección e/ou desvantaxe na que se poidan atopar as persoas menores.





As características do estilo educativo que se aplica no traballo coas persoas menores, son :

- Individualización na intervención educativa.
- Perspectiva integral do proceso educativo. Cremos na persoa como un ser integral, onde conflúen distintas dimensións. Por iso apostamos por un traballo global a partir do desenvolvemento de distintas áreas de atención: persoal e social, escolar, familiar e dinamización do ocio e tempo libre.
- A conexión coa comunidade. Coordinación e complementariedade entre os diversos recursos que poden atender ás demandas formuladas en cada caso.
- O ocio como elemento básico de prevención.
- A creación de espazos informais de relación nos que traballar de forma distendida a convivencia e as habilidades sociais.
- A relación significativa entre a persoa participante e a educadora/educador.
- Fomento da autonomía, participación e do pensamento crítico das persoas menores.
- O traballo coas familias como elemento fundamental da intervención. Partindo da familia como sistema, o que ocorre nela incide directamente no benestar das persoas menores.

Os principios teóricos que sustentan a metodoloxía de actuación son:

- Enfoque integral. Tratando de facer ver á persoa participante a importancia de percibir a súa vida de forma global e que forma parte dunha familia e dunha sociedade.
- A relación significativa. A relación que se estableza entre o equipo educativo e a persoa participante será de empatía e de comprensión, sen deixar de lado o respecto e as normas establecidas.
- Voluntariedade. O acceso aos programas é voluntario, pero naqueles casos nos que sexa obrigatorio, traballarase a motivación para conseguir a integración, participación e colaboración da persoa participante.
- Individualización. Unha intervención de forma individual, tendo en conta o que cada persoa ten unha problemática diferente.
- Responsabilidade. A persoa participante debe descubrir que cada un ten un certo grado de responsabilidade co entorno que o rodea, de cara aos demais e a si mesmo.
- Prevención. De cara a evitar problemáticas ou a incidencia das existentes.
- Intervención familiar. Propiciando o acercamento entre as nais-pais de forma que se impliquen na tarefa educativa e coñezan a evolución das súas fillas e fillos.
- Conexión coa comunidade. Existe unha coordinación coas distintas institucións existentes na comunidade, de maneira que se realice un traballo en rede, eficaz e positivo.
- Normalización. Fomentarase a autonomía para que a vida da persoa participante se vaia normalizando en tódolos aspectos e se restablezan elementos perdidos que son fundamentais na vida da persoa menor.





- Temporalidade. Os programas socioeducativos son un servizo temporal e polo tanto procuraremos que as persoas participantes permanezan un período de tempo concreto, axustado ao plan de intervención individualizado.
- Participación. A persoa participante debe sentirse partícipe e protagonista das actividades que se realicen.
- Avaliación dos obxectivos. Cada acción, individual ou grupal, é avaliada e contrastada, de forma que os obxectivos que se acordan en cada intervención se axusten ás necesidades reais.

2. DESCRICIÓN DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE ATENCIÓN INTEGRAL

O programa de atención socioeducativa de medio aberto; é un servizo diúrno, dirixido a persoas menores en situación de vulnerabilidade, que acoden ás diferentes actividades fóra do horario escolar, dando apoio, estimulando e potenciando o desenvolvemento da personalidade e socialización, a adquisición de aprendizaxes básicas que compensen as deficiencias socioeducativas das persoas participantes.

Este tipo de programas de atención socioeducativa de medio aberto, presentan os seguintes puntos fortes:

- Son un instrumento que garante a atención integral das persoas menores e as súas familias.
- A proximidade da relación entre as persoas participantes e o equipo educativo.
- A integración dentro da propia comunidade.
- O seguimento individualizado que se fai de cada persoa menor.
- Un programa que apoia e reforza outros servizos, recursos e/ou programas nos que as persoas menores e as súas familias xa estean a participar.
- É un espazo de referencia para as familias, nenas, nenos, mozas e mozos, onde obteñen respostas ás necesidades socioeducativas.
- Existe un traballo en rede con centros educativos, centros sociais e co equipo técnico do menor.

Perfil das persoas menores participantes:

Persoas menores (de 6 a 18 anos) e as súas familias, en situación de pobreza e exclusión social. Coas seguintes características:

- Familias monoparentais con dificultades de soporte familiar.
- Familias con escasa rede de apoio, tanto familiar como da comunidade.
- Familias de recente chegada a España.
- Historia de maltrato, carencia de afecto, non existencia de estrutura familiar.
- Dificultades económicas por falta de ingresos: os proxenitores non traballan o hai algún membro da unidade familiar en idade de traballar en situación de paro de forma persistente e prolongada no tempo.
- Descoñecemento ou falta de habilidades para afrontar o proceso evolutivo da nena, neno e adolescente.
- Baixo nivel académico dos proxenitores ou estudos incompletos.





- Non motivación para impulsar cambios nas súas vidas, para comprometerse, ou dificultade para pedir axuda.
- Falta de habilidades e experiencia para comprender as diferentes necesidades de crianza dos fillos e fillas.
- Illamento social, falta de amizades ou soporte familiar e contacto social.
- Non participación activa coa contorna e dificultade de vinculación co territorio.
- Persoas menores que precisan adquirir hábitos de estudo, traballo das habilidades sociais
- Absentismo escolar.
- Fracaso escolar e/ou baixo rendemento académico.
- Conflitos dentro do centro educativo ou condutas pouco apropiadas.

Áreas de atención:

Atención ao desenvolvemento persoal e social

- Deseño, seguimento e avaliación do Itinerario Socioeducativo Individualizado
- Titorías personalizadas
- Espazo Entérate!: talleres educativos temáticos de prevención de riscos contra a saúde, promoción de valores e sensibilización social, educación emocional e competencias sociais.
- Talleres individuais e/ou grupais de educación emocional e competencias sociais.

Atención escolar:

- Apoio e reforzo educativo en horario extraescolar
- Aprendizaxe de métodos de estudo e de planificación (organización de axenda, horarios, etc)
- Espazo de acompañamento para o estudo
- Espazo con acceso a ordenadores, impresora e internet
- Préstamo de material escolar
- Biblioteca: préstamos de libros e animación á lectura
- Coordinación, seguimento e/ou mediación cos centros escolares
- Talleres escolares de competencias transversais do ámbito educativo escolar

Atención familiar:

- Orientación e asesoramento familiar
- Espazos educativos de encontro familiar

Atención e Dinamización do Ocio e Tempo Libre:

- Lecer entre o grupo de iguais.
 - Espazos de participación infantil e xuvenil: "Salas Abertas"
 - Punto de Información Xuvenil: nas instalacións onde se desenvolve a actividade dispónse de taboleiros informativos sobre as actividades realizadas dirixidas á poboación xuvenil.





- Asembleas participativas.
 - Servizo de merendas: actividade da xornada de tarde, fomentando a alimentación e hábitos saudables.
 - Fomento da lectura: clubs de lectura e animación á lectura.
 - Lecer autoxestionado con acompañamento.
 - Celebración de festas temáticas.
 - Acceso e aprendizaxe a través de novas tecnoloxías.
- Lecer na comunidade: dinamización e realización de actividades lúdicas e saudables en catro eidos de interese comunitario.
 - Área cultural: espazo para o fomento de actividades culturais e apertura ao mundo (diversidade lingüística, multiculturalidade e tradicións).
 - Área deportiva: espazo para o fomento de actividades deportivas (psicomotricidade, multideporte, deporte federado ou deportes minoritarios).
 - Área medioambiental: espazo para o fomento de actividades educativas medioambientais e de preservación da contorna (rutas por contornas naturais, obradoiros de manualidades con materiais de refugallo, actividades de sensibilización sobre contidos relacionados coa limpeza dos espazos públicos, consumo responsable ou similares).
 - Área artístico- creativa: espazo para o fomento da expresión e creación artística (música, pintura, escultura, cine, danza, creatividade e creatividade).
 - Lecer en familia:
 - Actividades lúdicas de tempo libre en familia.
 - Préstamo de materiais lúdico-educativos para o fomento de actividades dentro do entorno familiar.

3. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Obxectivo xeral:

Lograr a igualdade de oportunidades e favorecer a inclusión social da infancia e adolescencia en situación de vulnerabilidade a través de servizos de atención diúrna, de medio aberto, fóra do horario escolar, cun enfoque integral na intervención. Dando apoio, estimulando e potenciando o desenvolvemento persoal e social, a adquisición de aprendizaxes básicas, e lúdicas, que compensen as desvantaxes socioeducativas e situacións familiares.

Obxectivos específicos:

Atención ao desenvolvemento persoal e social

- Favorecer procesos de participación individual e en grupo de persoas menores, como dereito e vía de inclusión social como protagonistas da súa vida.





- Favorecer o desenvolvemento integral e a emancipación das persoas menores a través de itinerarios socioeducativos individualizados: afectivo - sexual, social, ética, de valores ou similares.
- Promover un marco de valores (igualdade, non violencia, tolerancia, interculturalidade, conciencia medioambiental e solidariedade) e de convivencia que complete ou emende os recibidos noutros ámbitos.
- Acompañar nos procesos de maduración persoal das persoas menores, a través do seguimento e atención emocional individualizada
- Fortalecemento das habilidades sociais para o establecemento de relacións interpersoais satisfactorias.

Atención escolar

- Motivar ás persoas menores no estudo e aprendizaxe, para favorecer o éxito escolar e a adaptación ao contexto escolar.
- Ofrecer recursos de apoio educativo individualizado, adaptados ás características propias das persoas menores, dando relevancia ao uso das tecnoloxías da información e comunicación.
- Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas persoas menores e as súas familias, a través do traballo en rede, coordinado e complementario cos centros escolares.

Atención Familiar

- Acompañar ás familias no proceso persoal e socioeducativo das persoas menores.
- Orientar, fortalecer as competencias parentais, fomentar a reflexión, xerar unha maior implicación das familias no proceso educativo.

Atención e Dinamización do Ocio e Tempo Libre

- Promover o desenvolvemento persoal e social das persoas menores mediante unha atención integral, socioeducativa e preventiva en contextos non formais.
- Reforzar a convivencia e o dereito ao xogo dende espazos de educación no tempo libre.
- Xerar oportunidades de relación, de socialización positiva, aprendizaxe e crecemento saudable, a través de alternativas de ocio e tempo libre.
- Estimular a participación das persoas menores en situación de risco de exclusión social nas entidades e asociacións do barrio e/ou entorno máis próximo.
- Promover o empoderamento, a participación e o protagonismo das persoas menores.
- Ofrecer un marco de valores como son a amizade, o compañeirismo, a tolerancia, o respecto; que complementen e emenden os recibidos noutros ámbitos.
- Acompañar e facer partícipes ás familias do proceso persoal e socioeducativo das súas fillas- fillos.
- Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas persoas menores, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos, entidades.



4. LOCALIZACIÓN

O programa socioeducativo de atención integral para a infancia, adolescencia e familias “Na Rúa” desenvólvese nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

No 2009 comeza a executarse nas cidades de A Coruña e Vigo. No 2012 na cidade de Lugo e no 2018 na cidade de Ourense.

5. PROCESO DE INCORPORACIÓN AO PROGRAMA

Unha vez se detecta que unha familia ten interese en participar nalgún dos programas da Fundación JuanSoñador, séguense os seguintes pasos:

1º. Contacto previo entre a persoa que solicita a participación da familia coa coordinación do Programa.

Achéganse datos relevantes da situación familiar e posteriormente remítese a solicitude de participación para que o equipo educativo poida facer unha valoración previa.

No caso de que sexa a familia a que fai directamente a demanda de participación, mantense unha entrevista de recollida de información da situación persoal, familiar, socioeconómica, académica, etc., e cales son as demandas realizadas. Se é precisa, poden darse varias entrevistas de recollida de información. No caso de cumprir requisitos, seguirase o procedemento habitual. No caso de non cumprir requisitos buscaríanse outros recursos alternativos que poidan dar resposta á demanda realizada.

A participación no programa é voluntaria, o traballo previo de motivación inicial deberá facela a persoa solicitante e/ou a familia.

2º. Encontro coa familia

Dependendo da situación, valórase que estean presentes a persoa menor e a persoa que solicita a participación da familia no programa. Neste encontro infórmase á familia dos programas e reúnese a máxima información posible sobre a mesma. Valórase tamén a motivación para participar. Este encontro pode ter varios resultados:

- Se queda clara a participación da familia, procédese a dar a alta no programa.
- Se non queda clara a participación por parte da familia, márcase un tempo para que a familia poida reflexionar e tomar unha decisión sobre a súa participación. Neste caso será a familia a que tome a iniciativa de contactar.
- Se non queda clara a participación por parte da persoa que fai a entrevista, dáselle unha nova data de entrevista para poder valorar previamente á alta co equipo educativo.

3º. Proceso de alta.

Concórdase o calendario e as actividades nas que van a participar, facendo entrega dun horario, así como a data de inicio. Fírmanse coa familia os seguintes documentos:

- Ficha de inscrición persoal



- Contrato pedagóxico de participación
- Consentimento informado para protección de datos segundo lexislación vixente.

4º. Incorporación aos servizos.

A persoa menor participante incorpórase a actividade no horario acordado.

Unha vez transcorrido un mes de participación no programa realízase o ISI (itinerario socioeducativo individualizado).

Mantéñense entrevistas de seguimento da participación da nena, neno e adolescente coa familia, e co resto de servizos/recursos implicados en cada caso; de cara a facer unha posta en común do traballo realizado. Realízase mínimo unha entrevista trimestral coa familia. Realízase mínimo unha entrevista trimestral con outros recursos e/ou servizos.

5º. Peche do expediente familiar.

Un expediente pode pecharse por varias circunstancias:

- a) A persoa participante acada a maioría de idade
- b) Incumprimento do plan de traballo acordado coa familia e a persoa participante
- c) Superación da situación de necesidade
- d) A familia decide deixar de participar de forma voluntaria
- e) Cambio a outro recurso/servizo e/ou cidade

Mantense unha entrevista de peche coa nena, neno, adolescente participante e a familia, de cara a cerrar o proceso socioeducativo.

6. AVALIACIÓN

Para o seguimento do proceso de cada nena, neno e adolescente participante, establécense 3 momentos de avaliación con cada participante:

Avaliación inicial	Sesións semanais de avaliación do equipo educativo do proxecto para adaptación das actividades a realidade de cada nena, neno, moza e mozo participante.
Avaliación intermedia	Elaboración de informe semestral sobre realización de actividades, alcance dos resultados previstos, impacto, número de participantes. Dificultades e solucións. Equipo educativo e coordinadora proxecto.





Avaliación final Elaboración de memoria anual, incorporando o grado de satisfacción dos beneficiarios do proxecto e valoración dos axentes externos cós que se mantén relación (datos obtidos a través de cuestionario). Equipo educativo e coordinadora proxecto.

Os indicadores de avaliación correspondentes a área de atención anteriormente sinaladas son:

ATENCIÓN AO DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL	
Obxectivos	Indicadores
Favorecer procesos de participación individual e en grupo das persoas menores, como dereito e vía de inclusión social como protagonistas da súa vida.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de titorías realizadas con cada nena, neno e adolescente participante en 12 meses. - Grado de percepción de cada nena, neno e adolescente sobre o seu acompañamento.
Favorecer o desenvolvemento e emancipación integral das persoas menores a través de Itinerarios Socioeducativos Pluridimensionales: afectivo-sexual, social, ética, de valores, etc.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de ISI's deseñados/ N'º total participantes. - Número de seguimentos do grado de desenvolvemento do ISI.
Promover un marco de valores (igualdade, non violencia, tolerancia, interculturalidade, conciencia medioambiental, solidariedade, etc. e de convivencia que complete e emende os recibidos noutros ámbitos.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de obradoiros educativos temáticos realizados. - Número de participantes en cada obradoiro educativo temático realizado.
Acompañar os procesos de maduración persoal das persoas menores, a través del seguimiento y atención emocional individualizada.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de obradoiros de educación emocional y competencias sociais e horas totais. - Número de participantes en cada obradoiro. - Número de titorías individuais.
Fortalecemento das habilidades sociais para o establecemento de relacións interpersoais satisfactorias.	<ul style="list-style-type: none"> - Porcentaxe de persoas menores que melloran a súas habilidades sociais.
ATENCIÓN ESCOLAR	
Obxectivos	Indicadores
Conseguir que persoa menor estea motivada de cara ao estudo e aprendizaxe,	<ul style="list-style-type: none"> - Número total de sesións realizadas de apoio educativo.





favorecendo o éxito escolar e a adaptación ao contexto escolar.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de intervencións. - Seguimento do desenvolvemento de habilidades relacionadas co estudio. - Número de titorías individualizadas realizadas. - Número de persoas menores que promocionan de curso/ nº total de participantes.
Ofrecer recursos educativos e lúdicos de calidade, adaptados ás características propias das persoas menores, dando especial relevancia ao uso das tecnoloxías da información e comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de obradoiros de informática, técnicas de estudo, plan de estudo individual, etc. - Grado de satisfacción e valoración por parte das persoas menores do servizo que reciben e no que participan.
Conseguir unha maior eficiencia na intervención coas persoas menores e a familia, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos, entidades.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de reunións iniciais realizadas nos centros educativos, de cada nena, neno e adolescente. - Número de seguimentos (contactos telefónicos, e-mails e/ou comunicacións escritas) cos centros educativos, e/ou equipo técnico doutros recursos. de cada nena, neno e adolescente. - Número de reunións do equipo educativo do proxecto. - Valoración externa das entidades coas que se establece un traballo en rede e coordinado.
ATENCIÓN FAMILIAR	
Obxectivos	Indicadores
Acompañar ás familias no proceso persoal e socioeducativo das persoas menores.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de familias que participan no programa. - Número de acompañamentos realizados coas familias. - Número de entrevistas persoais iniciais, de seguimento y de peche realizadas coas familias. - Número actividades e número de familias participantes nas actividades e/ou obradoiros educativos. - Grado de satisfacción e valoración realizada polas familias.
Orientar, fortalecer as competencias parentais, fomentar a reflexión, xerar unha maior implicación no proceso educativo.	<ul style="list-style-type: none"> - Porcentaxe de familias que melloraron as súas habilidades de crianza. - Número actividades e número de





	<p>familias participantes nas actividades e/ou obradoiros educativos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deseño e implementación dun obradoiro de educación familiar
ATENCIÓN E DINAMIZACIÓN DO OCIO E TEMPO LIBRE	
Obxectivos	Indicadores
<p>Promover o desenvolvemento persoal e social das persoas menores mediante unha atención integral, socioeducativa e preventiva en contextos non formais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de actividades de ocio realizadas. - Número de participantes en actividades de ocio. - Detalle das actividades de ocio realizadas en cada localidade. - Valoración realizada polas persoas participantes. - Número de participantes en campamento de verán.
<p>Reforzar a convivencia e o dereito ao xogo dende espazos de educación no tempo libre.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Planificación e desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre e de actividades culturais.
<p>Xerar oportunidades de relación, de socialización positiva, aprendizaxe e crecemento saudable, a través de alternativas de ocio para o tempo libre.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Creado un espazo de estar, de lectura, equipado con xogos, ordenadores, etc. - Incorporación de merendas saudables diariamente no programa. - Valoración realizada polas persoas menores participantes.
<p>Estimular a participación das persoas menores en situación de risco de exclusión social nas entidades e asociacións do barrio e/ou entorno máis próximo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Número de persoas menores que participan en actividades realizadas por outras entidades a través da intermediación do programa. - Número de actividades realizadas con outras entidades do entorno próximo. - Número de entidades coas que se establece contacto. - Número de convenio anual de colaboración asinados, para a realización de actividades de ocio.
<p>Promover o empoderamento, a participación e o protagonismo das persoas menores.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Nº de participantes en actividades de ocio. - Deseño, execución e avaliación de espazos de participación e empoderamento individual e colectivo.





	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración realizada de participantes. - Elaboración de propostas desde a participación e protagonismo infantil.
Ofrecer un marco de valores como son a amizade, o compañeirismo, a tolerancia, o respecto; que complementen e emenden os recibidos noutros ámbitos.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de actividades de ocio realizadas e participantes. - Detalle das actividades realizadas en cada localidade. - Documento de experiencias das persoas menores participantes.
Acompañar e facer partícipes ás familias do proceso persoal e socioeducativo das súas fillas e/ou fillos.	<ul style="list-style-type: none"> - Número e familias que participan nas actividades de ocio en familia. - Número de actividades de ocio en familia ofertadas. - Número de actividades de ocio realizadas. - Valoración realizada polas familias.
Conseguir unha maior eficiencia na intervención coa nena, neno e adolescente e a familia, a través do traballo en rede, coordinado e complementario con outros servizos, recursos, entidades.	<ul style="list-style-type: none"> - Número de persoas menores derivadas polas administracións públicas, entidades, centros educativos, etc. - Número de entidades coas que se establece colaboración para o desenvolvemento do proxecto. - Número de coordinacións - seguimentos realizados con entidades. - Número de persoas voluntarias que participan no programa. - Valoración realizada por outras entidades, axentes externos sobre o programa.

